



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2025/G003/000254

RESOLUCIÓN

ASUNTO: NOMEAMENTO TRES PEONS PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO APROL RURAL 2025

EXPEDIENTE:2025/G003/000254

ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do ROF, e 24.d) do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.

Por decreto desta Alcaldía, de data 26/05/2025, aprobáronse as bases e convocouse proceso selectivo para a contratación de tres peóns para realización de labores de mellora forestal no Concello de Mesía ao abeiro da subvención concedida Aprot rural 2025 do Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Coruña, na modalidade de contrato traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego. Presentouse oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Ordes e publicáronse as bases na páxina web.

Visto o resultado da selección remitido pola Oficina de Emprego de Ordes e rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria, publicouse a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos outorgando un prazo de dous días hábiles para subsanacións de deficiencias e/ou reclamacións segundo o sinalado na base sexta da convocatoria.

Rematado o dito prazo sen que se presentara ningunha subsanación e/ou reclamación á dita relación provisional, por Decreto desta Alcaldía, de data 17/06/2025, aprobouse a relación definitiva e nomeouse aos membros do tribunal cualificador, e convocáronse para a realización da proba de lingua galega, para a valoración da documentación da fase de concurso e para a realización da proba práctica da fase oposición.

Vista a proposta do tribunal cualificador segundo as puntuacións obtidas polos/as aspirantes durante o proceso selectivo, tal como se reflicte de seguido, e de conformidade coa dita proposta.

DNI	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN		
		FASE CONCURSO	FASE OPOSICIÓN	TOTAL
***9301**	SÁNCHEZ SÁNCHEZ JOSE MANUEL	0,95	8	8,95
***5229**	SÁNCHEZ VARELA ANTONIO	0,95	5	5,95
***0113**	SUÁREZ CANDAL FERNANDO	1	7	8

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear para o posto de peón, ao abeiro da subvención Aprot Rural 2025, dende o día 23 de xuño de 2025 ata o 22 de marzo de 2026, baixo a modalidade de contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego, a xornada completa, cun salario bruto mensual de 1.526,79 euros, a:

- don José Manuel Sánchez Sánchez, con DNI ***9301**
- don Fernando Suárez Candal, con DNI ***0113**
- don Antonio Sánchez Varela, con DNI ***5229**



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2025/G003/000254

SEGUNDO.- Notificar aos interesados para a sinatura do contrato correspondente.

TERCEIRO.- Publicar o presente decreto na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

En Concello de Mesía, xoves 19 de xuño de 2025

O Alcalde /Presidente

Mariano Iglesias Castro